

Mayra García esixe que se aclaren cales son os motivos verdadeiros do último cambio da Xunta na xerencia do Hospital da Costa

“É imprudente esta política de nomeamentos”, afirma, pois “é un exemplo da súa falta de planificación e do seu desprezo polos profesionais”

Esixe ao Goberno galego “algo de máis seriedade” na xestión do centro sanitario, xa que estes cambios continuos provocan que “sexo imposible potenciar servicios e ter autonomía de xestión do hospital”.

Apela á responsabilidade dos deputados do PP da comarca. “Xa está ben de tapar os erros dos seus xefes na Xunta, porque non podemos esquecer que detrás de todo isto o único responsable é o Sr. Feijoo. Os cidadáns da Mariña queremos políticos responsables e que, sobre todo, defendan as súas necesidades, non os intereses do partido ao que pertencen”, conclúe

A MARIÑA, 19 DE FEBREIRO DE 2015.- A coordinadora comarcal do PSOE na Mariña –Mayra García- esixe ao Goberno galego “algo máis de seriedade” na xestión do Hospital da Costa e “que se dean explicacións sobre este último cambio producido na xerencia, así como que se aclaren cales son os verdadeiros motivos que o provocaron”.

Neste senso, critica “o rosario de substitucións” levado a cabo neste posto. “É imprudente esta política de nomeamentos”, afirma, pois “é un exemplo da súa falta de planificación e do seu desprezo polos profesionais”. Neste senso, considera que catro responsables en seis anos é “un claro síntoma da desfeita que está a levar a cabo esta Conselleira para que os mariñanos rematemos tendo un simple ambulatorio”.

Todo elo, motivado en boa parte, pola implantación da Xestión Integrada, e que trouxo como consecuencia, subraia, “a falta de capacidade resolutive, medios e persoal que se traducen nunha perda dos servicios asistenciais prestados aos cidadáns e que provocan unha situación de deterioro, que está ocasionando grandes dificultades ós usuarios, profesionais, e incluso como os feitos nos mostran, ós xestores sanitarios”.

Para a socialista, estes cambios continuos de directivos provoca que “sexo imposible potenciar servicios e ter autonomía da xestión do hospital”. Deste xeito, Mayra García pídelle ao Goberno galego que “garanta a sanidade pública e de calidade, que non a deteriore máis e que respecte aos profesionais”. E é que, subraia, “os mariñanos xa estamos cansados de cambios e de que nos promentan sempre o mesmo, tal e como se viu co Plan Director. O que necesitamos é que se garanta a calidade asistencial no noso Hospital. Así non se poden facer as cousas”, insiste.

“Xa está ben de erros”

Por todo elo, e ante o suceder dos feitos, apela á responsabilidade dos deputados do PP da comarca. “Xa está ben de tapar os erros dos seus xefes na Xunta, porque non podemos esquecer que detrás de todo isto o único responsable é o Sr. Feijoo. Os cidadáns da Mariña queremos políticos responsables e que, sobre todo, defendan as súas necesidades, non os intereses do partido ao que pertencen”, destaca.

“Está claro que ao PP non lle interesa o público. É unha estratexia política que beneficia a uns poucos en detrimento da maioría, cando é un dos piares básicos do Estado de Benestar”.